

BASES PARA A REALIZACIÓN DUNHA ESCOLA DE VERÁN NO CONCELLO DE COVELO – XULLO 2015

1. Fundamentación

O proxecto de verán para nenos/as contempla unha variedade de actividades lúdicas, recreativas e deportivas no entorno natural cunha función educativa.

2. Obxectivos

- Divertir e entreter
- Fomentar a creatividade nun encontro lúdico.
- Realizar actividades deportivas
- Ter un coñecemento próximo das olimpíadas: cando empezaron, que xogos se practican.

○

3. Destinatarios/as

Os/as participantes das actividades son nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Os/as participantes estarán a cargo de monitores/as, que dirixirán as actividades promovendo a participación e a cooperación.

4. Lugar de realización

- Centro Social Concello de Covelo.
- Pistas deportivas e parques Concello Covelo.
-

5. Temporalización - Horario:

O proxecto desenvolverase dende o 1 ó 31 de xullo de 2015:

- De luns a venres, en horario **10:00 a 14:00** horas.
- Venres 24 de Xullo: Animación Infantil festa local (de 20,00- 22,00 horas).

6. Actividades

ESCOLA DE VERÁN:

As actividades serán interdisciplinares, interactivas, lúdicas, deportivas e creativas.

Entre as actividades encóntranse:

As actividades que se realizan de cara á consecución dos obxetivos propostos son moi variadas, pois, ademais dos xogos que se realizan en grupo como por exemplo: xogos de corro, de pelota, de recuperacións de tradicións, etc. Adaptados as idades dos participantes e as instalacións. Realízanse múltiples e variados obradoiros, que paso a enumerar a continuación:

- Obradoiros de manualidades, con diferentes materiais, con materiais de desfeita (papel, plástico, cartón, envases de ovos, tetrabricks, de deterxentes, suavizantes, etc.)
- Obradoiro de actividades ó aire libre, realizado no verán, con actividades tipo campamento (gimkhanas, xogos de auga, rastreos...)

- Obradoiro de xogos populares e tradicionais: xogos de pita, de corda, bolos, a ra, a chave, etc..
- Obradoiro de xogos predeportivos: xogos con balóns, xogos de precisión...
- Grandes xogos: búsqueda de tesouros...
- Conta contos
- Obradoiro de cociña
- Obradoiro de ciencia divertida
- Obradoiro de malabares
- Expresión corporal e mimo
- Obradoiro de música

ANIMACIÓN 24 XULLO:

Animación, xogos populares, música e coreografías.

7. Orzamento

o prezo inclúe:

- 1 monitor para grupo de 15 nenos/as durante todo o mes de xullo, :
- seguro para tódalas saídas e seguro de accidentes individual.
- material para o desenvolvemento de tódalas actividades
- IVE

	Nº MONITORES	Nº NENOS/AS	ORZAMENTO POR MES
Escola Verán 3 a 12anos	2	Máximo 30	2738,23 € (4 HORAS día)

- Animador infantil, xogos populares, coreografías, música equipo de son profesional , IVE.

Animación 24 xullo 3 a 12anos	1	Sin límite	85 € (2 horas)
---	---	------------	-----------------

TOTAL 2823,23 €

8. CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN

- No orzamento tódolos prezos levan o **IVE incluído**.
- **No momento da contratación da actividade axustarase o orzamento** en base ó número de monitores contratados e ó material empregado.
- A empresa dispón de un seguro de responsabilidade civil
- No momento da contratación das actividades, a empresa porá a súa disposición un programa detallado da actividade.
- A empresa para seguridade dos nenos/as asistentes, entregará fichas de autorización de entrega e recollida dos nenos e nenas que non sexan recollidos polo pai ou nai, sendo obligatoria esta autorización para poder entregar o neno a outra persoa distinta.

- Así mesmo tódolos en cumprimento da lei de protección de datos, recolleremos autorización para o manexo de datos e imaxes dos asistentes o campamento.

O Concello aportará como mínimo un 50% do total do ornamento. Os beneficiarios aportarán a cantidade de 25 € por persoa, familia numerosa 20 € persoa/mes e persoas non empadroadas en Covelo 50 €.

Coa asistencia de 30 nenos/os mes de cuota estandar, a aportación do Concello será de 2073,23€ o mes de xullo ou a parte proporcional según a cantidade de alumnas/os.

9. Prezo:

PERSONAS EMPADROADAS EN COVELO:

- 25 € persoa/mes
- Familia numerosa : 20 € persoa/mes

PERSONAS NON EMPADROADAS EN COVELO:

- 50 € € persoa/mes

10. Inscripción

- As nenos e nenos interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do concello a folha de inscrición ou confirmación da preinscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:
 - DNI do neno/a ou en caso de non telo fotocopia do Libro de Familia.
 - Tarxeta sanitaria do neno/a.
 - DNI do pai, nai ou titor.
 - Xustificante bancario de ter pagado a escola.
- Terán preferencia participantes con informe dos Servizos Sociais.
- PERÍODO INSCRICIÓN, CONFIRMACIÓN DA PREINSCRICIÓN E PAGAMENTO DA CUOTA : Do 24 o 30 de xuño.
- ADMITIDOS por orde confirmación de preinscrición e inscrición.
- Comprobarase se os rapaces e rapazas están inscritos no Padrón municipal.
-

11. ANEXOS

- ORZAMENTOS